

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Estimadas familias:

Como xa sabedes, este ano no colexio queremos traballar e reflexionar xuntos co valor do SERVIZO, a axuda aos demais.

Por este motivo, o Colexio, a través do Equipo de Animación Pastoral, quere facilitarlle aos vosos fillos unhas xornadas de **CONVIVENCIAS** cristiás.

Consideramos que é importante dedicar un tempo, (xunto cos compañeiros cos que comparten moitas vivencias ao longo do curso), para que os alumnos caian na conta do intre real que están vivindo e poidan reflexionar e dialogar xuntos, por medio de dinámicas e traballos en grupo.

DÍAS	CURSOS
LUNS 6 de novembro	4º ESO
MARTES 7 de novembro	3º ESO
MÉRCORES 8 de novembro	2º ESO
XOVES 9 de novembro	1º ESO

Este ano, as convivencias celebraranse na zona de **Curtis**. Víctor Naveira é o sacerdote que atende as parroquias desa zona. Ao longo da mañá estará a cargo da reflexión e traballo dos grupos. E tamén lles amosará un proxecto de servizo que el mesmo está a facer con diferentes grupos e voluntarios.

Pola tarde realizarase unha visita guiada ao **Monasterio de Sobrado dos Monxes**.

Os alumnos deberán acudir ás convivencias con actitude de participación e colaboración para poder disfrutar e aproveitalas ao máximo. Trátase dunha actividade complementaria en período lectivo, polo que a asistencia á convivencia ou ao centro é obrigada.

Saída ás 09:00 h, dende o colexio cos titores.

Regreso ás 18:30 h

O custo da saída será de **12 euros**, que deberán ser entregados ao titor/a xunto coa autorización firmada antes do XOVES día **2 de novembro de 2017**.

Un cordial saúdo:

Equipo de Pastoral

X-----

D./D^a _____

con DNI: _____ Autorizo ao meu fillo/a _____

do curso _____ ESO, grupo _____ a participar nas convivencias que organiza o Centro.

Santiago, a _____ de novembro de 2017

Sinatura pai/nai/titor legal